

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Organismo: Dirección Xeral de Patrimonio Natural

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir en el “Diario Oficial de Galicia”)	

SUMARIO:

ORDE do 4 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo, e se convocan axudas para o ano 2025 (procedemento MT815A)

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade a través do seu artigo 54.6 habilita ás administracións públicas a establecer pagos compensatorios por razóns de conservación polos danos ocasionados polas especies de fauna silvestre.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de acordo co establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas, entre outras, as competencias en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras e, entre elas, o desenvolvemento de medidas e instrumentos de seguimento, protección, control e conservación dos elementos que compoñen a biodiversidade.

O plan de recuperación do oso pardo (*Ursus arctos* L.) en Galicia, aprobado mediante o Decreto 149/1992, do 5 de xuño, inclúe entre os seus obxectivos de conservación o de optimizar a política de compensación socioeconómica nas comunidades rurais dos sectores oseiros e, máis concretamente, establecer un sistema áxil de pagamento de indemnizacións por danos. Co obxectivo de minorar a conflictividade social naquelas zonas nas que a presenza do oso pardo se viu incrementada nos últimos anos, cómpre establecer un mecanismo de axudas para paliar os danos ocasionados por esta especie que complemente ao mecanismo de axudas para a prevención destes danos.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas Administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas esixencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓÑO:

Artigo 1. Obxecto e principios de aplicación

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas destinadas a compensar ás persoas titulares de explotacións gandeiras polos danos ocasionados polo oso pardo, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MT815A).

2. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. Ámbito temporal

As axudas ás que se refire esta orde comprenden os danos ocasionados polo oso pardo que se produzan desde o 1 de outubro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025.

Artigo 3. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias as persoas titulares de explotacións gandeiras que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) de Galicia.

2. No caso de danos ás colmeas, estas deberán estar identificadas individualmente co código da explotación, nun sitio visible e de forma lexible, mediante unha marca indeleble, de conformidade co establecido no artigo 13 do Real decreto 783/2023, do 17 de outubro, polo que se ditan as disposicións para regular o sistema de trazabilidade, identificación e rexistro de determinadas especies de animais terrestres en cativeiro. Se a colmea que se incorpora á explotación está marcada co código da explotación de orixe, este código manterase e figurará na colmea xunto ao novo código, e así sucesivamente

en caso de novos cambios, tal e como así dispón o mesmo artigo 13 do citado real decreto.

Asemade, deberán cumprir co resto de obrigas en materia de programas de control e vixilancia de enfermidades obrigatorios, de acordo coa normativa de aplicación.

3. No resto dos casos, deberase cumprir cos requisitos sanitarios establecidos nos programas de control, vixilancia e erradicación de enfermidades que poden afectar ás especies gandeiras así como estar identificado, de acordo coa normativa de aplicación.

Artigo 4. Requisitos esixibles ás persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

Artigo 5. Comunicación do dano

No prazo máximo de tres (3) días hábiles desde que se produza o dano, as persoas beneficiarias deberán poñelo en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático mediante unha chamada, no horario hábil, ao teléfono 012, na que se lles facilitará unha chave que servirá para acreditar a chamada e identificar o expediente.

O horario hábil de atención telefónica é dende as 8.00 ata as 20.00 horas de luns a venres, e dende as 8.00 ata as 17.30 horas os sábados.

Para os danos constatados entre as 17.30 horas dos sábados e as 8.00 horas dos luns, a comunicación da constatación do ataque realizarase nas vinte e catro horas seguintes a contar dende as 20.00 horas do domingo.

Non se poderá manipular o escenario para así non obstaculizar a labor do persoal da escala de axentes facultativos medioambientais que se despracen ao lugar para valorar os feitos e elaborar a correspondente acta. Para isto, tomaranse as medidas oportunas para evitar, no posible, a alteración do escenario, evitando en todo caso o traslado de elementos do lugar dos feitos.

Os animais feridos poderán ser atendidos por persoal veterinario coa menor manipulación posible co obxecto de non entorpecer a labor investigadora.

Artigo 6. Comprobación do dano

Recibida a comunicación do dano o persoal da escala de axentes facultativos

medioambientais comprobará os feitos e as circunstancias dos danos, elaborará a correspondente acta e dará traslado do resultado da comprobación ao Servizo de Patrimonio Natural do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da provincia na que se produza o dano.

Artigo 7. Contía da axuda

1. O importe das compensacións dos danos establecerase en función das contías establecidas no anexo I desta orde.

2. No caso de feridas ocasionadas ao gando que non causen a súa morte, a valoración será a que resulte dos gastos veterinarios resultantes pola cura, tratamento e medicamentos, sempre e cando a contía resultante non supere o importe establecido no anexo I.

Cando os animais feridos sexan varios exemplares, admitiranse facturas conxuntas do servizo veterinario nas se que relacione o gasto veterinario de xeito individual para cada un dos animais feridos, con referencia á súa idade e á súa identificación individual, de ser o caso.

Admitiranse facturas do servizo veterinario nas que os gastos conxuntos non veñan especificados de xeito individual por cada un dos animais feridos. Neste caso os gastos por animal serán cuantificados dividindo o importe total dos mesmos entre o número de animais afectados.

No caso de animais que tras o tratamento prescrito morran como consecuencia das feridas producidas, a axuda poderá superar o límite das contías previstas no anexo I desta orde. Nestes casos a axuda estimarase en función das contías previstas no anexo I desta orde por animal, máis os gastos veterinarios producidos e acreditados ata un máximo do 10% de ditas contías.

No caso de reses afectadas que sobreviván e como consecuencia sufran un aborto e así se acredite mediante certificación veterinaria, a cantidade compensatoria por cada aborto corresponderá ao 75% do valor da clase e idade máis baixa, segundo as contías previstas no anexo I desta orde. No caso de parto múltiple compensarase por cada un dos animais abortados.

3. Os gastos de eutanasia producidos e acreditados serán compensables ata un importe máximo por animal de 75,00 €. A eutanasia realizarase de forma regrada e será prescrita e efectuada por persoal veterinario, co fin de evitar ao animal sufrimento grave e irremediable ou afección grave.

4. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 8. *Compatibilidade.*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme ao establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 9. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.-xunta.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as persoas autónomas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. As solicitudes dirixiranse ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da provincia na que se produza o dano.

3. A solicitude da axuda, segundo o anexo II desta orde (código de procedemento MT815A), inclúe as seguintes declaracións da persoa ou entidade solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para a

mesma fin, das distintas administracións públicas.

- b) Declaración da conta para a transferencia bancaria.
- c) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións nin en ningunha das situacións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. A solicitude para ser persoa beneficiaria da axuda, levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, as persoas ou entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorran algunhas das circunstancias previstas na alínea d), do número 2, do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación complementaria:

- a) No suposto de actuar por representación, acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- b) No caso de animais feridos ou da aplicación da eutanasia, factura dos gastos ve-

terinarios, de acordo co establecido no artigo 7.

c) No caso de explotacións apícolas,

1º. Copia da folla correspondente do caderno de explotación apícola e de transhumancia para a comprobación da obriga establecida no artigo 6 do Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un Programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas da mel.

2º. De ser o caso, certificación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia que acredite que a persoa solicitante pertence a el en data 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

3º. De ser o caso, certificación da indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia que acredite que a persoa solicitante pertence a ela en data 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa

ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- c) DNI ou NIE da persoa representante.
- d) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- f) Certificado de estar ao día no cumprimento da obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Inscrición no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia.
- h) No caso de danos ao gando, identificación da res afectada e estado sanitario.
- i) No caso de danos a explotacións apícolas, inscrición no Rexistro da explotación, declaración censual anual obrigatoria e comunicación de asentamentos, e cumprimento da obriga de ter realizado polo menos un tratamento ao ano fronte á varrose.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos do-

cumentos correspondentes.

Artigo 13. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. Prazo de presentación de solicitudes

Os prazos de presentación da solicitude de axuda serán os seguintes:

a) Para os danos que foran comunicados aos Servizos de Patrimonio Natural dos Departamentos Territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático entre o 1 de outubro de 2024 e a data de publicación desta orde, o prazo de presentación será de 1 mes contado a partir da entrada en vigor desta orde.

b) Para os danos ocasionados desde a entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación será de 1 mes contado dende o día seguinte ao da comunicación do dano realizado de acordo co establecido no artigo 5 desta orde.

Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 15. *Procedemento de concesión*

1. A concesión das axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo tramitarase en réxime de concorrência non competitiva.

2. O procedemento de concesión iníciase coa presentación da solicitude de axuda.

3. A orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnen os requisitos establecidos será por orde rigoroso da data de presentación da solicitude.

Para os efectos da determinación da prelación temporal, a data para ter en conta será a data e hora de presentación da solicitude. No caso de presentación de achegas ou de que a solicitude requira emenda, terase en conta a data e hora en que a persoa solicitante presente correctamente toda a documentación e a información requirida.

No caso de que máis dunha solicitude teña a mesma data de presentación, prevalecerá a solicitude cuxa data e hora de presentación fose anterior segundo conste no Rexistro Electrónico Xeral e, en último caso, prevalecerá aquela á cal o sistema lle asignase automaticamente o número de entrada máis baixo.

4. Estas axudas tramítaranse mediante o procedemento abreviado ao abeiro do artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16. *Tramitación*

1. As solicitudes remítanse aos Departamentos territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da provincia na que se produza o dano. Os Servizos de Patrimonio Natural dos Departamentos Territoriais da Consellería de Medio Ambiente e

Cambio Climático examinarán e revisarán a documentación acompañante que se especifica no artigo 11 desta orde.

2. No caso de que fosen detectados erros ou omisións, os Servizos de Patrimonio Natural requiriranlle á persoa e/ou entidade solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se terá por desistido da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

4. Os Servizos de Patrimonio Natural, con base na acta de comprobación do dano, emitirán unha certificación co resultado da valoración das solicitudes presentadas que remitirán á Dirección Xeral de Patrimonio Natural xunto coa documentación que sexa necesaria para que esta continúe coa súa tramitación.

5. Unha vez recibida a certificación e a documentación, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instructor, realizará as propostas de resolución das solicitudes á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto.

Artigo 17. Resolución e recursos

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses a contar desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se dítase resolución expresa, as persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no apartado 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no prazo de un mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 18. Aceptación da axuda concedida.

O outorgamento da subvención debe ser aceptado polas persoas ou entidades interesadas que fosen propostas como beneficiarias no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 19. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 20. Publicidade

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das

subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Artigo 21. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde, será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionable en Galicia.

2. As persoas interesadas terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3. A solicitude para ser entidade beneficiaria das axudas incluídas nesta orde, levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorran algunha das circunstancias previstas na alínea d), do apartado 2, do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BNDS). A BNDS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 22. *Pagamento*

1. O pagamento corresponderase co importe da axuda aprobada.

2. Para o pagamento da axuda será imprescindible que as persoas beneficiarias estean ao corrente nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De acordo co establecido no artigo 12, o órgano xestor das axudas poderá obter dos organismos competentes as citadas certificacións.

3. O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia na conta bancaria

indicada na solicitude.

Artigo 23. Crédito orzamentario

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025, no momento resolución.

2. As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541B.470.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025. O importe asignado é cento vinte mil euros (120.000 €).

3. O importe consignado, así como a aplicación á que se impute, poderá ser ampliado en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para os efectos. En todo caso, a concesión das axudas estará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

4. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive de:

- a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
- c) Dunha transferencia de crédito se o procedemento de concesión da subvención é o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. As solicitudes que non se poidan conceder por falta de dispoñibilidade orzamentaria atenderanse con cargo á convocatoria do ano seguinte, de se producir.

Artigo 24. Disposicións xerais.

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei

9/2007, do 13 de xuño, así como na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. As persoas ou entidades beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a esixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos casos e termos previstos no seu artigo 33.

Disposición adicional única. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente á persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

ANEXO I

Pagos compensatorios polos danos ocasionados polo oso pardo

Colmeas			
Dano considerado	Elemento	Descrición	Prezo unitario (€)
Dano en colmea completa (Se o conxunto da colmea non é recuperable)	Niño sen alza	1 caixón + 10 cadros + 10 láminas + base + tapa + entretapa + táboa de vó	67,40
	Niño + media alza	2 caixóns + 18 cadros + 18 láminas + base + tapa + entretapa + táboa de vó	86,80
	Niño + alza	2 caixóns + 20 cadros + 20 láminas + base + tapa + entretapa + táboa de vó	106,00
Dano parcial en colmea	Trobo	Estrutura	12,00
	Niño de cría	Non se inclúen os cadros	20,50
	Media alza	Non se inclúen os cadros	14,50
	Alza	Non se inclúen os cadros	21,70
	Cadro	Non se inclúe a lámina de cera Máximo 9 (por media alza) -10 (por alza)	1,40
	Medio cadro	Non se inclúe a lámina de cera Máximo 9 (por media alza) -10 (por alza)	1,20
	Láminas de cera	1_cadro	1,10
		Medio cadro	0,90
	Base	1 por colmea	14,50
	Tapa	1 por colmea	12,00
	Entretapa	1 por colmea	4,80
	Táboa de vó	1 por colmea	1,50
	Piqueira	1 por colmea	0,90
	Excluídor de raíñas	Material: plástico 1 por colmea.	4,80
		Material: madeira/metal 1 por colmea	9,60
	Alimentador	Circular	3,60
		"NICOT" (Cubre cadro)	16,90
	Portaenxames		18,10
	Cadros de portaenxames		3,60
	Colector de pole		17,40
Dano en enxame	Enxame completo	1 por colmea. Se a colmea é recuperable non se valora o enxame porque se supón que a raíña está viva e pode seguir vivo o enxame	102,40
Dano en mel	Agricultura Ecolóxica de Galicia	Valorarase unha produción media de 27 Kg de mel por colmea (Nº colmeas x 27 kg x prezo unitario)	14,50
	Identificación Xeográfica Protexida "Mel de Galicia"	Valorarase unha produción media de 27 Kg de mel por colmea	12,00

Colmeas			
		(Nº colmeas x 27 kg x prezo unitario)	
	Resto de produción	Valorarase unha produción media de 27 Kg de mel por colmea (Nº colmeas x 27 kg x prezo unitario)	7,20
Dano en cera	Valorarase 3 kg/ano por colmea	Nº colmeas x 3 kg x prezo unitario	12,00
Dano en pole	Agricultura Ecolóxica de Galicia/ Identificación Xeográfica Protexida "Mel de Galicia"	Valorarase unha produción media de 2 kg por colmea (Nº colmeas x 2 kg x prezo unitario)	24,10
	Resto de produción	Valorarase unha produción media de 2 kg por colmea (Nº colmeas x 2 kg x prezo unitario)	16,90
Dano en propóleo	Valorarase 0,5 kg/ano por colmea	Nº colmeas x 0,5 kg x prezo unitario	195,10

Gando bovino						
Clase e idade	Prezo unitario (€) Raza Rubia Galega	Prezo unitario (€) Outras razas autóctonas ⁽¹⁾	Prezo unitario (€) vacún leiteiro	Prezo unitario(€) reses de gando vacún	Lucro cesante carne (femias) (€)	Lucro cesante leite (femias) (€)
Becerro < 2 meses	533,39 €	629,20 €	418,99 €	418,99 €		
Becerro ≥ 2 meses e <4 meses	670,67 €	800,80 €	533,39 €	533,39 €		
Becerro ≥ 4 meses e <6 meses	1.131,13 €	1.465,75 €	979,55 €	979,55 €		
Becerro ≥ 6 meses e <1 ano	1.151,15 €	1.515,80 €	1.012,44 €	1.012,44 €		
Vacún ≥ 1 ano e < 2 anos	1.537,25 €	2.009,15 €	1.675,96 €	1.341,34 €		
Vacún ≥ 2 anos e < 6 anos	1.904,76 €	2.858,57 €	2.536,82 €	1.748,89 €	138,71 €	1.983,41 €
Vacún ≥6 anos e <9 anos	1.522,95 €	2.093,52 €	1.397,11 €	1.397,11 €	138,71 €	1.983,41 €
Vacún ≥ 9 anos	913,77 €	1.141,14 €	763,62 €	763,62 €	138,71 €	1.983,41 €

⁽¹⁾ Outras razas bovinas autóctonas de Galicia: Cachena, Caldelá, Vianesa, Limiá e Frieiresa

Gando ovino/cabrún					
	Clase e idade	Prezo unitario (€) Calidade normal	Prezo unitario (€) Calidade selecta (2)	Lucro cesante carne (femias) (€)	Lucro cesante leite (femias) (€)
Ovino	Cordeiro < 12 meses	110,11 €	140,14 €		
	Adulto ≥ 12 meses e < 6 anos	181,61 €	197,34 €	18,59 €	210,21 €
	Adulto ≥ 6 anos	41,47 €	48,62 €		
Cabrún	Cabrito < 12 meses	115,83 €	173,03 €		
	Adulto ≥ 12 meses e < 6 anos	161,59 €	207,35 €	10,01 €	318,89 €
	Adulto ≥ 6 anos	41,47 €	48,62 €		

(2) Razas de ovino-cabrún incluídas no catálogo oficial de Razas de Gando de España (anexo I do Real decreto 2129/2008, de 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras) ou calquera outra raza de ovino-cabrún de liña pura.

Gando porcino	
Clase e idade	Prezo unitario (€) Raza Celta
Leitón < 3 meses	130,13 €
Porco ≥3 meses e < 6 meses	217,36 €
Porco ≥6 meses e < 9 meses	288,86 €
Porco da ceba ≥ 9 e < 12 meses	433,29 €
Porco da ceba ≥ 12 meses	549,12 €
Reprodutoras	520,52 €
Reprodutora preñada	577,72 €
Reprodutor	650,65 €

Gando equino/asnal/mular			
	Clase e idade	Prezo unitario Pura Raza Galega	Prezo unitario Outros
Equino	Poldro < 2 meses	346,06 €	277,42 €
	Poldro ≥ 2 meses e < 4 meses	451,88 €	346,06 €
	Poldro ≥ 4 meses e < 6 meses	629,20 €	523,38 €
	Poldro ≥ 6 meses e < 1 ano	943,80 €	787,93 €
	Equino ≥ 1 ano e < 2 años	1.006,72 €	859,43 €
	Equino ≥ 2 anos e < 10 anos	1.258,40 €	858,00 €
	Equino ≥ 10 anos	943,80 €	712,14 €
Asnal	Asnal < 1 ano	95,81 €	
	Asnal ≥ 1 ano e < 10 anos	317,46 €	
	Asnal ≥ 10 anos	238,81 €	
Mular	Mular < 1 ano	158,73 €	
	Mular ≥ 1 ano e < 10 anos	476,19 €	
	Mular ≥ 10 anos	354,64 €	

Herba	
Tipoloxía	Prezo unitario (€)
Rolo de herba completo	36,11
Plástico envolvente do rolo de herba	12,04



PROCEDEMENTO

AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS OCASIONADOS POLO OSO PARDO

CÓDIGO DO
PROCEDEMENTO

MT815A

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO 1

PREFIXO

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

SEXO



DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.



Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.gal) (<https://notifica.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.



Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN

☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

IDENTIFICACIÓN DO DANO

CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN DA DENUNCIA

DATA DO DANO

TIPO DE DANO

PROVINCIA

CONCELLO

PARROQUIA

LUGAR

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:



Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.



Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Factura dos gastos veterinarios, no caso de animais feridos ou da aplicación da eutanasia.
- ☐ Copia da folia correspondente do caderno de explotación apícola e de transhumancia, no caso de explotacións apícolas.
- ☐ Certificación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia que acredite que a persoa solicitante pertence a el en data 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude, de ser o caso.
- ☐ Certificación da indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia que acredite que a persoa solicitante pertence a ela en data 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude, de ser o caso.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Documento acreditativo da representación por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de estar ao día no cumprimento de obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no cumprimento de obrigas coa Facenda de Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Inscripción no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia	☐
Identificación da res afectada e estado sanitario (no caso de danos ao gando)	☐
Inscripción no Rexistro da explotación, declaración censual obrigatoria e comunicación de asentamentos, e cumprimento da obriga de ter realizado polo menos un tratamento ao ano fronte á varroase (no caso de danos á explotacións apícolas)	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do ___ de _____ de ____ pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo, e se convocan axudas para o ano 2025 (procedemento MT815A)

Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en